



**MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA
DE ORDES**

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DO
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NAS MODALIDADES DE DEPENDENCIA E LIBRE
CONCORRENCIA**

I. Elementos do contrato

1. Obxecto do contrato

1.1. O presente contrato de servizos ten por obxecto a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF), nas modalidades de dependencia e libre concorrència, pola Mancomunidad Voluntaria de Municipios da Comarca de Ordes, nos termos municipais dos concellos de Frades e Ordes, de conformidade co disposto no presente prego, no de prescricións técnicas e na ordenanza reguladora do servizo.

1.2. A codificación correspondente ao presente contrato CPV: 85312000-9.Servizos de asistencia social sen aloxamento.

Código NUT: ES111 A Coruña.

2. Necesidades administrativas que se deben satisfacer

2.1. O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) está legalmente regulado na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais, e no Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e queda estruturado como un servizo público, destinado a garantir a calidade de vida e a participación social, prestándolle un conxunto de atencións de carácter doméstico, social, persoal e/ou educativo á cidadanía no seu medio. Modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.

A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia inclúe como un dos servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia o servizo de axuda no fogar.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

A Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.

2.2. As necesidades deste servizo recóllense como competencias locais no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; no artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; no artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e nos propios estatutos da Mancomunidad Voluntaria de Municipios da Comarca de Ordes.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

2.3. Dentro pois deste marco competencial e de acordo coa lei sectorial correspondente, a Mancomunidad de Ordes xestiona de forma directa uns servizos sociais comunitarios, públicos e básicos de titularidade municipal, que dadas as particularidades e esixencias do servizo, así como a inexistencia de persoal propio cualificado para iso e a imposibilidade de novas incorporacións en atención ás restricións derivadas da lexislación de orzamentos do Estado, fai precisa a colaboración dun terceiro, mediante o oportuno contrato de servizos do TRLCSP.

3. Réxime xurídico do contrato

3.1. O contrato ten a natureza dun contrato de servizos, de acordo co artigo 10 e 301 e seguintes do Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP) e as Directivas comunitarias 2014/24/UE e 2014/25/UE, para o que lle corresponde a categoría 25 do Anexo II do TRLCSP (servizos sociais e da saúde), estando incluído no Anexo XIV da Directiva 2014/24/UE en relación co artigo 74 desta.

3.2. O presente prego de cláusulas administrativas, o prego de prescricións técnicas, e demais documentos anexos, revestirán carácter contractual. Os contratos que se asinen axustaranse ao contido nos pregos e as cláusulas consideraranse parte integrante dos respectivos contratos.

3.3. No caso de discordancia entre os presentes pregos e calquera do resto dos documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares, no que se conteñen os dereitos e as obrigas que asumirán as partes no contrato.

3.4. O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte del, das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola administración, que poidan ser de aplicación en execución do pactado, non eximirá o contratista da obriga do seu cumprimento.

2

4. Órgano de contratación

4.1. O órgano de contratación é a Asemblea da Mancomunidad.

4.2. O mencionado órgano ten facultade para adjudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

5. Prezo de licitación. Orzamento do contrato. Valor estimado do contrato

5.1. O importe máximo para os efectos de licitación será de:

- 14,00 € por hora (IVE excluído), na modalidade de dependencia
- 14,00 € por hora (IVE excluído) na modalidade de libre concorrancia.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

O orzamento estimado para cada ano de contrato determinarase en función do número de horas estimado que prevé prestar a Mancomunidad nos próximos anos.

No caso de axuda no fogar para persoas con dependencia corresponden ao número de horas asignadas a esta Mancomunidad dende a Consellería de Política Social a través da aplicación informática do SIGAD (SISTEMA DE INFORMACIÓN Á DEPENDENCIA).

Para o caso da prestación básica, o número de horas previsto ten o carácter de máximo anual. Así, o crédito orzamentario para esa finalidade está limitado á cantidade anual prevista, de modo que non se poderán dar novas altas no servizo, nin incrementar o número de horas xa concedidas, cando tales cambios supoñan que se vaia exceder a cantidade anual prevista.

Para o caso da prestación do servizo a persoas en situación de dependencia, por aplicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e da normativa autonómica de desenvolvemento desta, se por aplicación da normativa é necesario un incremento do número de horas de prestación, esas horas a maiores deberán ser asumidas polo adxudicatario nas mesmas condicións e mesmo prezo/hora de adxudicación, quedando supeditadas á existencia de dispoñibilidade orzamentaria, a través das oportunas modificacións de crédito financiadas coas axudas outorgadas pola Xunta de Galicia para esta finalidade.

A hora contratada a facturar pola entidade adxudicataria é unha hora de 60 minutos de traballo efectivo, de presenza efectiva e real no domicilio da persoa usuaria, que se corresponderá co prezo/hora ofertado por aquela. Os tempos de desprazamento entre os diferentes domicilios das persoas usuarias, así como os gastos de transporte, de ser o caso, serán de conta exclusiva da entidade adxudicataria. En caso ningún os tempos de desprazamento poderán imputarse ao tempo de servizo asignado á persoa beneficiaria.

3

O orzamento estimado para o período de duración do contrato determinarase en función do número de horas estimado que prevé prestar a Mancomunidad nos próximos exercicios. O número estimado de horas é o que se indica no apartado 5.3. seguinte.

Este número de horas dános o orzamento máximo de licitación do contrato, e ten un valor indicativo e non vinculante, en canto a que o gasto efectivo está condicionado polas necesidades reais da Mancomunidad, que non queda obrigada a demandar unha determinada contía de horas de prestación do servizo nin a gastar a totalidade do orzamento de gasto indicativo.

En todo caso, para a comparación do elemento prezo das ofertas económicas considerarase, exclusivamente, o importe neto de cada unha, sen ter en conta o IVE.

5.2. A efectos da licitación, o valor estimado para toda a duración do contrato, de acordo coas previsións do artigo 88 do TRLCSP (importe total, sen incluír o IVE), e incluíndo as eventuais prórrogas é de
□ , distribuídos da forma seguinte (artigos 88 e 302 do TRLCSP):



**MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA
DE ORDES**

Ano	Estimación horas/ano SAF dependencia luns a domingo	Estimación horas/ano SAF libre concorrencia luns a domingo	TOTAL MAXIMO PREZO (sen IVE)
2018	38865 horas	3600 horas	594.510,00 €
2019	47265 horas	3840 horas	715.470,00 €
2020	55665 horas	4080 horas	836.430,00 €
2021	64065 horas	4320 horas	957.390,00 €
2022	64765 horas	4560 horas	970.550,00 €
2023	65465 horas	4800 horas	983.710,00 €
TOTAL			5.058.060,00 €

Nesta contratación enténdese que os contratistas, ao formular as propostas económicas, inclúen nelas o importe do imposto sobre o valor engadido (IVE), sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co artigo 87.2 TRLCSP e o modelo de oferta económica do presente prego (ANEXO II). O prezo ofertado inclúe todos os gastos nos que teña que incurrir a empresa para realizar o servizo (gastos de transporte, roupa, material, etc) non podendo facturar ningún concepto de forma independente.

En función das necesidades de prestación do servizo, as horas estimadas poderán sufrir variacións, que serán obrigatorias para o contratista, tendo en conta a obrigatoriedade de prestación do servizo por parte da Mancomunidad, no caso de persoas con resolución de valoración de dependencia. Neste caso, o contratista terá dereito a percibir o importe das horas prestadas, sen que o importe de adjudicación sufra ningún tipo de incremento. Igualmente, a redución de horas non dará dereito a indemnización, posto que se aboarán as horas efectivamente prestadas polo adjudicatario.

4

5.3. Para os efectos de determinar o importe da garantía definitiva, de acordo co establecido no artigo 95.3 do TRLCSP, o orzamento base de licitación do contrato que resulta de aplicar o prezo unitario por hora é o seguinte:

Ano	Estimación horas/ano SAF dependencia luns a domingo	Estimación horas/ano SAF libre concorrencia luns a domingo	TOTAL MAXIMO PREZO (sen IVE)
2018	38865 horas	3600 horas	594.510,00 €
2019	47265 horas	3840 horas	715.470,00 €
2020	55665 horas	4080 horas	836.430,00 €
2021	64065 horas	4320 horas	957.390,00 €
TOTAL			3.103.800,00 €

O IVE aplicable é o correspondente ao tipo impositivo do 4% nas horas prestadas polo sistema de dependencia e do 4% nas horas prestadas polo sistema de libre concorrencia (artigo 16.3º do Real Decreto-Lei 6/2010, de 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego).



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

6. Financiamento

Por tratárense dun gasto plurianual, os devanditos gastos financiaranse segundo o disposto no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL).

A adxudicación do presente contrato quedará suxeita á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato nos exercicios económicos correspondentes. O contrato tramitarase anticipadamente, de acordo co establecido no artigo 110.2 do TRLCSP.

As cantidade previstas no antedito cadro de anualizacións constitúen o orzamento máximo de gasto anual estimado para a realización dos servizos licitados conforme aos prezos unitarios ofertados. Ao estaren o prezo por unidades de execución e tratarse dun importe total indeterminado, debe terse en conta que o gasto efectivo está condicionado polas necesidades reais da Administración que, polo tanto, non queda obrigada a demandar unha determinada contía de unidades nin a gastar a totalidade do orzamento de gastos indicativo.

O gasto que se realice farase con cargo á aplicación orzamentaria 231.227.99.

O prezo do contrato aboarase ao adxudicatario por mensualidades vencidas, mediante a presentación de facturas ás que se unirá a documentación indicada no PPT correspondente ao mes da prestación. Para proceder ao pago das facturas deberán levar o informe favorable dos servizos sociais municipais e o conforme do Presidente.

Independentemente do custo total da adxudicación, a Mancomunidade pagará realmente a prestación que se realice. Para tales efectos, a factura desagregará o número de horas efectivamente realizadas no mes ao que se refira a mesma, o que se multiplicará polo prezo por hora de adxudicación do contrato.

Para efectos de comprobación, seguimento e concordancia cos datos que figuran en cada expediente, a empresa facilitará aos servizos sociais unha relación das persoas beneficiarias atendidas, sempre respectando o principio de confidencialidade e de protección de datos de carácter persoal.

7. Revisión de prezos

O réxime de revisión de prezos está establecido na epígrafe 11 do Anexo I deste prego.

8. Prazo de execución

8.1. O contrato terá un prazo de duración de catro anos, comezando a prestarse o 1 de xaneiro de 2018.

8.2. O contrato poderá ser prorrogable, por unha soa vez, por un ano máis, se así se acorda de forma expresa antes do seu remate, por mutuo acordo entre as partes e previo informe do Servizo promotor do expediente. No caso de que o contrato se prorrogue manteranse inalteradas as condicións do mesmo (prezo, servizos a prestar, ...)



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

8.3. O servizo non poderá ser interrompido por cumprimento do prazo contractual, incluíndo de ser o caso a súa prórroga, tendo a obriga a empresa adxudicataria de continuar coas prestacións obxecto do contrato e nas mesmas condicións ata que se leve a cabo unha nova adxudicación cun límite máximo de seis meses.

9. Capacidade e solvencia do empresario para contratar

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade para obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional polos medios dos artigos 74, 75 e 78 do TRLCSP que se fan constar na epígrafe 5 do cadro de características do contrato, e non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do devandito Texto refundido.

De conformidade co establecido no art. 57 do TRLCSP, as empresas adxudicatarias deberán ser persoas físicas ou xurídicas nas que a súa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e se acredite debidamente, e dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

O licitador a favor de quen recaia a proposta de adxudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos que acrediten, na data de finalización do prazo de presentación das proposicións, a aptitude, capacidade e solvencia que se esixe, e que son:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A.1) Empresario/a individual:

-Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A.2) Persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación, se fose o caso, inscrita no Rexistro mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, en que conste as normas polas que se regula a súa actividade, persoas inscritas, se é o caso no correspondente Rexistro oficial.

- Fotocopia do cartón do Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A.3) Empresas comunitarias

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A.5) Empresas non comunitarias

1.- Os/as empresarios/as estranxeiros/as deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular no ámbito territorial no que radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, no que se faga constar que o Estado de orixe da empresa admite pola súa banda a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente igual.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial de Comercio.

A.6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todos os incidentes que de maneira directa ou indirecta puidesen xurdir do contrato, con renuncia se fose o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador (art. 146. Le do TRLCSP).

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados/as ou de representantes para as súas operacións, e de que estea inscrita no Rexistro mercantil (art. 55.2 do TRLCSP).

C) Poder:

Os licitadores poderán concorrer por si ou representados por outra persoa con poder bastante ou documento que xustifique de maneira legal a personalidade para xestionar en nome e representación daquel quen lle outorgou o poder. Cando en nome dunha sociedade concorra algún representante desta deberá xustificar a representación mediante poder.

D) Verificación de poder



**MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA
DE ORDES**

O poder notarial deberá verificalo previamente a Secretaria da Mancomunidad e ou un letrado con exercicio no ámbito do Colexio profesional provincial, cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate dunha persoa xurídica.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades e cumprimento dos deberes tributarios e coa seguridade social:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas nos artigos 146 e 60 do TRLCSP, e de que se atopa ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios, axustada ao seguinte modelo:

"D./D.^a _____ con residencia en _____ provincia de _____ rúa _____
nº ____ con NIF núm. _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa
_____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____
rua _____ nº ____ teléfono _____ á que represento no procedemento de
licitación do contrato dos servizos de axuda no fogar na Mancomunidad de Ordes:

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso nas prohibicións de contratar coa Administración establecidas nos artigos 60 e 146. Le) do TRLCSP.

Así mesmo, declara que está ao corrente do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura) "

8

F) Requisitos específicos de admisión:

F.1) Xustificante de inscrición no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia.

F.2) Os licitadores deberán acreditar que contan cunha organización propia con recursos humanos e técnicos suficientes para exercer todas as prestacións obxecto do presente contrato. En concreto achegarán as titulacións académicas e profesionais do persoal de coordinación e o persoal que prestará a atención directa nos domicilios e a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no punto 5 do PPT.

Así mesmo, presentarán o seguinte compromiso, de conformidade co disposto no artigo 64.2 do TRLCSP:

"D./D.^a" _____ con residencia en _____ provincia de _____ nº ____
NIF núm. _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _ con NIF ____ e
domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº ____ teléfono _____ á
que represento no procedemento de licitación do contrato dos servizos de axuda no fogar na
Mancomunidad de Ordes:



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

Comprométome a adscribir, durante todo o prazo de execución do presente contrato, ao persoal preciso para cumprir co previsto no artigo 12 da Orde de 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda a domicilio, coa titulación e formación esixidas no PPT que rexe nesta licitación e na miña oferta.

Comprométome á substitución do persoal, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada con persoal que conte coa titulación e a experiencia esixidas neste prego.

Así mesmo, comprométome a que o persoal de axuda a domicilio ao que se lle asigne a atención de menores, estará en posesión da certificación negativa do Rexistro central de delincuentes sexuais que esixe o artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento civil.

(Lugar, data e sinatura do licitador) "

Este compromiso de adscripción considerárase unha obrigaón esencial para os efectos previstos no art. 223 f) TRLCSP. Non obstante, o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos do artigo 212.1 TRLCSP.

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

G.1) Económico- financeira

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira mediante o volume anual de negocios do licitador ou candidato, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato. Cando se trate dunha proposta presentada por unha agrupación de empresas (UTE), o volume anual de negocio obterase pola suma das distintas facturacións obtidas polas empresas agrupadas ponderado pola participación que ostentará cada unha das sociedades na empresa adxudicataria.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro mercantil, (art. 11.4.a) do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro).

Excluírase da licitación aos empresarios que non acrediten dispoñer do mínimo de solvencia económica financeira que se sinala para a execución do contrato.

G.2) Técnica

O criterio para a acreditación da solvencia técnica será o da experiencia na realización de traballos do mesmo tipo ou natureza aos que corresponde o obxecto do contrato, que se acreditará mediante a presentación da relación dos traballos efectuados pola parte interesada no curso do últimos cinco anos, correspondentes ao mesmo tipo ou natureza aos que corresponde o obxecto do contrato, que inclúa



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

importe, datas e beneficiarios públicos ou privados destes, avalados por certificados de boa execución.(art. 11.4.b) do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro).

Mínimo de solvencia técnica: requirirase que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

Para os efectos de determinar a correspondencia entre os traballos acreditados atenderase á coincidencia entre os dous primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV.

Excluirase da licitación aos empresarios que non acrediten dispor do mínimo de solvencia técnica que se sinala para a execución do contrato.

H) Unións temporais de empresas

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

I) Declaración de empresas vinculadas

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos aos que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social delas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

10

K) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas: ou rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro oficial no que estean inscritos acompañando a correspondente certificación onde se recollan os extremos aos que se refire o artigo 328 do TRLCSP; nese caso, estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos (sempre que conste o seu obxecto social), sen prexuízo de que a Administración solicite aqueles datos ou documentos que estime necesarios co fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia destes.

En todo caso, acompañarán unha declaración responsable na que manifesten que as circunstancias reflectidas no citado rexistro non experimentaron variación, conforme ao seguinte modelo:

"D/D.^a _____ con residencia en _____ provincia de _____ rúa _____ nº con _____ NIF
núm. _____ en nome propio ou en
nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia
de _____ rúa _____ nº _____ teléfono _____ á que represento no
procedemento de licitación do contrato dos servizos de axuda no fogar na Mancomunidad de Ordes:



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

Declaro que a entidade está inscrita no Rexistro de licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda) e que as circunstancias da entidade que figuran ao respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

*Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (núm. _____) /
Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (núm. _____),
Rexistro de Licitadores da Deputación Provincial da Coruña (núm. _____).*

(Lugar, data e sinatura do proponente) "

L) Para os efectos de desempate previstos na cláusula 17.2 deste PCAP, presentarán xustificación de ter a empresa licitadora no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2% ou, no seu caso, inferior a esta porcentaxe.

M) Correo electrónico no que se efectuarán as oportunas notificacións.

N) Índice de documentos que integran o sobre

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado pola orde sinalada nesta cláusula (apartados A, B, C, D, E, F, G, H, I, K, L, M). Así mesmo, presentarse pola devandita orde e con separadores a documentación requirida en cada un dos apartados citados.

En todo caso, o órgano de contratación poderá requirir, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, aos licitadores para que acheguen a documentación sinalada nesta cláusula.

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, a verificación de documentación que pretenden achegar para os efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación desta.

10. Unións temporais de empresas

Así mesmo, a Administración poderá contratar con unións de empresas que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para que a efectos da licitación sexa eficaz a unión temporal fronte á Administración, será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados nela indiquen os nomes e circunstancias dos que a constitúan, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios (art. 59.2 TRLCSP e art. 24.2 R.D. 1098/2001).

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizar a mesma, en escritura pública, dentro do prazo de 10 días seguintes ao da data de recepción da notificación de adxudicación, cuxa duración será coincidente coa do contrato e ata a extinción deste.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poder bastante para exercer os dereitos e cumprir os deberes que do contrato deriven ata a extinción deste.



II. Adjudicación do contrato

11. Procedemento de adjudicación e publicidade da licitación

O contrato adjudicarase polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, con multiplicidade de criterios de adjudicación, segundo o artigo 157 e seguintes do TRLCSP.

O contrato, segundo o artigo 4.d) da Directiva 2014-24-UE, está suxeito a regulación harmonizada por superar o limiar previsto para estes efectos.

Ao tratarse dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, o procedemento aberto ao que se refire o presente prego anunciarase no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de Galicia Provincia e no Perfil do contratante: www.mancomunidadeordes.gal (art. 142 e 53 do TRLCSP).

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, as persoas interesadas poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de Internet na dirección que se indica na epígrafe 6 do cadro de características do contrato e dentro desta, no Perfil do contratante, de conformidade co disposto nos artigos 53, 141, 142, 151 154 do TRLCSP.

As persoas interesadas poderán consultar os pregos e obter copias deles, no lugar detallado na epígrafe número 6 do cadro de características do contrato.

12. Proposicións: Lugar e prazo de presentación

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego e do resto dos documentos contractuais, sen excepción ningunha, así como a declaración responsable da exactitude de todos os datos presentados e de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para a contratación do servizo.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nas epígrafes 6 e 7 do cadro de características do contrato, dentro do prazo de CORENTA E SETE DÍAS NATURAIS a contar dende o seguinte á data de envío do anuncio de licitación ao DOUE, en tres sobres pechados, asinados polo licitador ou a persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 13ª.

Lugar de presentación: A documentación presentarase nas dependencias do Rexistro xeral da Mancomunidade de Ordes, sito en rúa Xoxardo s/n, 15680 Ordes, A Coruña.

Horario: de luns a venres de 09:00 a 14:30 horas.

Hora límite: ata as 14:30 horas do último día do prazo de presentación.

Do mesmo xeito, as proposicións poderán ser presentadas por correo. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data e hora de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día que finalice o prazo de presentación de proposicións. Para estes efectos, só se admitirán as comunicacións dirixidas ao seguinte

C/. Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680 - Teléfono 981 68 00 02 - Fax 981 68 22 21



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

endereço e fax do día que termine o prazo de presentación de ofertas: Enderezo: Rexistro xeral da Mancomunidad de Ordes, rúa Xoxardo s/n , 15680 Ordes (A Coruña). N.º de fax: 981 682 221.

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, con todo, dez días seguintes á data indicada sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

13. Proposicións: Documentación

Toda a documentación que entreguen os licitadores presentárase en papel, debidamente asinada, e unha copia en CD (formato dixital PDF bloqueado con acceso de lectura e/ou con sinatura electrónica), en cada un dos seus respectivos sobres. Non se admitirá documentación incluída en ningún dos tres sobres que se entreguen que non veña presentada simultaneamente en papel e soporte dixital no interior de cada un deles, dada a tramitación por medios electrónicos de todo o procedemento.

A documentación presentárase en tres sobres pechados, asinados polo licitador, co seguinte contido:

13.1. **Sobre 1: Documentación:** Conterá a **declaración responsable segundo o modelo recollido no Anexo III deste prego ou o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC)** asinado polo licitador segundo o modelo contido no *Anexo II do Regulamento de execución (UE) 2016/7 da Comisión do 5 de xaneiro de 2016 polo que se establece o formulario normalizado do documento europeo único de contratación* (DOUE 06.01.2016), cuberto de conformidade co indicado na *Resolución do 6 de abril de 2016, da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, pola que se publica a Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a utilización do Documento Europeo Único de Contratación previsto na nova Directiva de contratación pública* (BOE núm. 08.04.2016).

13

13.2. **Sobre 2: "Documentación técnica"**, que conterá a proposición suxeita a criterios de valoración que requiren un xuízo de valor, de conformidade co art. 150 TRLCSP. Incluirá: **Proxecto de prestación do servizo e xestión do persoal e formación**, nos termos e co contido indicado na Cláusula 18.1.1 deste prego.

13.3. **Sobre 3: "Oferta económica e melloras"**, que conterá a documentación relativa aos criterios de adjudicación aritmética ou avaliable de maneira automática mediante aplicación de fórmulas, de conformidade co art. 150 TRLCSP. Incluirá:

13.3.1. A **proposta económica** formulada estritamente conforme ao **modelo** que se recolle como **Anexo II** deste prego.

13.3.2. **Melloras** que se ofertan nos termos da cláusula 18.1.3. deste prego e no prego de prescricións técnicas, conforme ao **modelo** que se recolle como **Anexo II** deste prego.

14. Documentos. Orixinais e copias. Idioma



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán ser orixinais. Con todo, admitiranse fotocopias compulsadas e dilixenciadas pola Secretaría da Mancomunidad ou funcionario/a en quen delegue, ou ben copias notariais destes.

Todos os documentos presentados polos licitadores en idiomas distintos do castelán ou do galego deberán ir acompañados da correspondente tradución a calquera destes idiomas. De non facelo así, teranse por non presentados, consideraranse documentos sen posibilidade de emenda e non poderán ser obxecto de valoración.

15. Garantía provisional e definitiva

Segundo o disposto no artigo 103 do TRLCSP, os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional. O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír garantía definitiva polo 5% do importe de adxudicación (excluído o IVE), segundo o prescrito na cláusula 19 do presente prego.

16. Mesa de contratación

A mesa de contratación estará formada polos seguintes membros:

- Presidente: o Presidente da Mancomunidad Voluntaria de Municipios da Comarca de Ordes, ou vogal no que delegue.

- Vogais:

Representante dun dos concellos participantes no contrato, ou vogal no que delegue.

Un/ha traballador/a social da Mancomunidad, designado/a polo Presidente.

A secretaria xeral.

O interventor.

- Secretario/a: un/ha traballador/a da Mancomunidad nomeado/a pola Presidencia.

14

17. Apertura de ofertas

17.1 Finalizado o prazo de presentación das ofertas, a Mesa de contratación abrirá o sobre de documentación administrativa (sobre 1). De observarse defectos materiais na documentación presentada polo licitador concederá un prazo de tres días para a súa corrección. O requirimento de corrección será publicado no perfil do contratante e comunicado mediante correo electrónico ou fax ao licitador interesado.

17.2 Apertura do sobre 2. Terá lugar no lugar e día que se sinala no taboleiro de anuncios e no perfil do contratante da entidade. O Presidente da Mesa manifestará en acto público o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e da causa ou causas de non admisión destas últimas. As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas exclúiranse do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non se abrirán.

Antes da apertura da primeira proposición, convidarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles presenten ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a Mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que nese momento poida facerse cargo de documentos



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

que non se entregaran durante o prazo de admisión das ofertas, ou de corrección de defectos ou omisións.

Co obxecto de valorar a documentación técnica conforme aos criterios de valoración establecidos na cláusula 17 deste PCAP, solicitaranse cantos informes técnicos se estimen oportunos.

17.3 Unha vez emitidos os informes correspondentes e valorados pola Mesa de contratación os criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes, procederase en acto público a dar a coñecer o resultado da ponderación e, a continuación, á apertura do sobre 3 "*Oferta económica e melloras*", documentación relativa aos criterios de adjudicación aritmética. O devandito acto celebrase no lugar e día que se sinala no taboleiro de anuncios de contratación da entidade ou perfil do contratante.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adjudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a Mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que nese momento poida facerse cargo de documentos que non foran entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

A continuación, a secretaria da Mesa procederá á apertura do sobre 3 e dará lectura ao contido da documentación nos sobres e das proposicións económicas formuladas, dándose por concluído o acto público.

15

No caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, será válida a cantidade consignada en letra, segundo os artigos 7 e 115 da Lei 19/1985, de 16 de xullo, cambiaría e do cheque, de aplicación co disposto no artigo 19.2 do TRLCSP, a condición de que non poida determinarse con carácter certo cal é o prezo realmente ofertado do exame doutros documentos da proposición.

Na oferta económica entenderanse incluídos para todos os efectos os demais tributos ou canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adjudicatario, como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego.

17.4 Ofertas con valores anormais ou desproporcionados respecto da proposición económica.

17.4.1. Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación á que se refire o apartado 17.4.3 da presente cláusula en formato papel, debidamente asinada, e en CD (formato dixital PDF bloqueado con acceso de lectura e/ou con sinatura electrónica). A xustificación realizada polos licitadores remitirase aos servizos técnicos coa finalidade de que emitan o correspondente informe.

17.4.2. Consideraranse, en principio, como desproporcionadas ou anormais as ofertas que se atopan nos supostos previstos no artigo 85 do RGLCAP.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

17.4.3. Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación dela, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1. Adecuada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos ofertados en materiais, alugueiros, carta de compromiso de provedores..., tendo en conta a organización proposta e a metodoloxía de traballo.
2. Volume de servizos xa contratados, en relación e cos medios persoais e materiais que teña o licitador.
3. Desagregación de salarios a pagar ao persoal que se adscribirá á execución do contrato.
4. Programa detallado de execución dos servizos en relación co seu custo, solucións técnicas adoptadas e/ou condicións favorables das que dispoña na execución do contrato.

17.5 Renuncia

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á prestación do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) o inicio e execución do servizo, f) a recepción etc) faculta á Mancomunidade a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Mancomunidade poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e prexuízos.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración, terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores, no caso de que a Administración non acordase a adxudicación no prazo de dous meses, a contar dende a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 161.4 do TRLCSP. Porén, o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites aos que se refire o art. 152.3 do TRLCSP.

17.6 Rexeitamento de proposicións

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, entre a cantidade ofertada en prezo anual e a correspondente en prezos unitarios, excedese do prezo de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador da existencia de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será descartada pola Mesa, en resolución motivada.

18. Criterios de adxudicación

18.1 Criterios de avaliados automaticamente



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

a) O prezo de licitación, ata 65 puntos.

Valorarase con cero puntos a oferta que se presente polo prezo de licitación e con 55 puntos a oferta que presente o importe máis baixo, e para o resto actuarase do modo seguinte: determinarase o importe da diferenza existente entre o orzamento base de licitación establecido e a oferta presentada pola persoa licitadora e puntuarase proporcionalmente, mediante a fórmula seguinte:

$$P_i = 65 \times \left\{ \frac{(V_l - V_i)}{(V_l - V_m)} \right\}$$

Sendo:

P_i = puntuación de cada licitador.

V_l = valor do orzamento base de licitación establecido pola Mancomunidade.

V_i = valor de la oferta presentada por cada licitador.

V_m = valor máis baixo.

b) Axudas técnicas, ata 9 puntos.

- Por cada grúa de mobilización persoal 0,25 puntos ata 2 puntos.
- Por cada Cadeira ducha-baño 0,125 puntos ata 1 punto
- Por cada Cama articulada 0,25 puntos ata 2 puntos.
- Por cada Cadeira de rodas ata 0,125 puntos ata 1 punto
- Por cada Colchón antiescaras 0,125 puntos ata 1 punto
- Por cada Andador 0,125 puntos ata 1 punto
- Por cada para de muletas 0,125 puntos ata 1 punto

c) Servizo de transporte asociado a servizos de acompañamento, ata 3 puntos.

A empresa licitadora deberá indicar o número de servizos de transporte totais. Un servizo será equivalente a un traslado de ida e volta. Obterá a puntuación máxima neste subapartado a empresa que oferte o maior número de servizos, obterán 0 puntos as que non oferten ningún servizo e as demais de forma proporcional.

f) Servizo de podoloxía, ata 1 puntos.

As empresas licitadoras deberán indicar e ofertar un número de servizos totais. Un servizo equivalerá a 1 hora de podoloxía. Obterá a puntuación máxima neste subapartado a empresa que oferte o maior número de servizos, obterán 0 puntos as que non oferten ningún servizo e as demais de forma proporcional.

g) Servizo de fisioterapia, ata 1 puntos.

As empresas licitadoras deberán indicar e ofertar un número de servizos totais. Un servizo equivalerá a 1 hora de fisioterapia. Obterá a puntuación máxima neste subapartado a empresa que oferte o maior número de servizos, obterán 0 puntos as que non oferten ningún servizo e as demais de forma proporcional.

h) Servizo de perruquería a domicilio, ata 1 puntos.

As empresas licitadoras deberán indicar e ofertar un número de servizos totais. Un servizo equivalerá a un corte de pelo e peiteado do mesmo. Obterá a puntuación máxima neste subapartado a empresa que oferte o maior número de servizos, obterán 0 puntos as que non oferten ningún servizo e as demais de forma proporcional.

18.2 Criterios avaliáveis non automaticamente

- a) Metodoloxía e programa de traballo, ata 12 puntos.
- b) Plan de formación continua do persoal, ata 5 puntos.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

c) Plataforma informática de xestión, ata 3 puntos.

18.3 Aplicaranse os seguintes criterios de desempate entre os licitadores coa proposición máis vantaxosa:

18.3.1 Que no momento de acreditar a súa solvencia técnica acrediten ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2% do seu persoal.

18.3.2 No caso de manterse o empate, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que acredite unha maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

18.3.3 No caso de que persista o empate, procederase a un sorteo público ante a Mesa de contratación.

19. Adxudicación

19.1 O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 152 do TRLCSP. Para a devandita clasificación, atenderase aos criterios de adxudicación sinalados no prego e no anuncio de licitación, podendo solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes.

19.2 O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, no prazo de dez (10) días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, presente a seguinte documentación:

19.2.1 A documentación xustificativa sobre aptitude, capacidade e solvencia e requisitos específicos de admisión e demais que figura na cláusula 9ª deste prego, referida á data de finalización do prazo de presentación das proposicións. Se observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarse aos interesados mediante fax ou correo electrónico para a súa corrección.

19.2.2 Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, a Comunidade Autónoma e a Mancomunidad de Ordes, e coa Seguridade Social ou que autorice ao órgano de contratación para obter de modo directo a acreditación disto.

19.2.3 Documentación acreditativa de dispoñer efectivamente dos medios persoais, técnicos e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato. Entre outra documentación, en concreto, deberá acreditar, mediante a presentación dos orixinais ou copia compulsada, as titulacións e/ou experiencia profesional mínima esixida para o persoal para adscribir á execución do contrato no punto 5 do PPT. Deberá achegar, antes do inicio da prestación do servizo, un certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais de todo o persoal que destine á execución deste contrato que vaia asistir a menores.

19.2.4 Constituír a garantía definitiva polo 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios aos que se refire o art. 96 do TRLCSP.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, segundo a orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

No prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, o órgano de contratación procederá a adxudicar o contrato.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

A adxudicación, que deberá ser sempre motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores que foran admitidos e publicarase no perfil do contratante.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo no que debe procederse á súa formalización, conforme ao art. 156.3 do TRLCSP.

III.- Formalización do contrato

20. Formalización do contrato

20.1. Prazo suspensivo antes da formalización do contrato (NO ES NORMALIZADO)

Como o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación, conforme ao artigo 40.1 do TRLCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que pasen quince días hábiles dende que se remitira a notificación da adxudicación aos licitadores.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento. Da mesma forma procederase cando o órgano competente para a resolución do recurso especial levantase a suspensión.

20.2. Formalización do contrato

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151.4 do TRLCSP.

Este contrato deberá formalizarse en documento administrativo, que se axustará con exactitude ás condicións da licitación. Ao documento administrativo incorporárase como parte del o prego de cláusulas particulares tanto administrativas como técnicas, así como a oferta do adxudicatario. A proposta de mellora aceptada, no seu caso, polo órgano de contratación na adxudicación, formará parte do contrato e deberá, para ese efecto, recollese expresamente neste.

En ningún caso poderán incluírse no documento de formalización cláusulas que alteren os termos da adxudicación, nin se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización. Este documento é título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional, que se esixiu.

Se a non formalización fose imputable á Administración, indemnizárase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora puidese ocasionar.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

20.3. Antes de proceder á formalización do contrato, deberá acreditarse a constitución dun seguro de responsabilidade civil e deberase presentar a documentación acreditativa de dispoñer dos seguros esixidos neste prego. Para tal efecto o contratista deberá presentar unha copia da póliza do seguro por responsabilidade civil que cubra todas as súas posibles responsabilidades ante a Administración derivadas da execución do contrato, por un capital mínimo de 600.000 euros, que garanta as responsabilidades civís que se poidan derivar dos danos patrimoniais ou persoais que se causen como consecuencia da execución dos servizos, tanto a persoas beneficiarias ou traballadores do servizo como a terceiros (terceiras); tamén presentar unha copia da póliza do seguro de accidentes que comprenderá tanto ao persoal como aos usuarios e usuarias durante a totalidade da duración do contrato por un importe de 250.000 euros.

En todo caso, serán soportados polo adxudicatario os danos na contía da franquía e nos que se superen os límites que se establezan nas pólizas de seguros, así como nos bens e riscos non cubertos nelas.

21. Gastos de anuncios e tributos

O adxudicatario virá obrigado a pagar os gastos de anuncios que xere a licitación, adxudicación e formalización do contrato (boletíns oficiais e xornais), ata un máximo de 3.500 euros.

Será por conta do adxudicatario o pago dos impostos, taxas e cantos gastos de toda índole deriven do presente contrato.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todas as taxas e impostos, directos e indirectos, que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista, salvo o Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser soportado pola Administración, que se indicará como partida independente (art. 145.5 LCSP).

20

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resulten necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos, así como todo aquel gasto que sexa necesario para a correcta realización da actividade.

IV. Execución do contrato

22. Responsable do contrato. Execución do contrato

22.1. Responsable do contrato

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato, ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta execución da prestación pactada. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica. A designación ou non do responsable do contrato, e o exercicio ou non por parte del das súas facultades, non eximirá ao contratista da correcta execución do obxecto do contrato, salvo que as deficiencias sexan debidas á orde directa deste.

O nomeamento do responsable do contrato será comunicado por escrito ao contratista no prazo de quince días dende a data de formalización do contrato e, de ser o caso, a súa substitución en idéntico prazo, dende a data na que se producira.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

22.2. Atribucións do responsable do contrato

O responsable e os seus colaboradores, acompañados polo delegado do contratista, terán libre acceso aos lugares onde se preste o servizo. O responsable do contrato velará polo adecuado cumprimento dos servizos contratados. O responsable poderá fixar reunións periódicas co contratista co fin de determinar, analizar e valorar as incidencias que, de ser o caso, ocorran durante a execución do contrato, para tomar as medidas correctoras oportunas.

O responsable poderá incorporar ao seu equipo de traballo as persoas que estime necesarias para verificar e avaliar todas as actuacións ao seu cargo.

Para garantir que se satisfagan as necesidades e prioridades establecidas pola Mancomunidad no presente prego, estableceranse as directrices dos traballos a realizar, sendo estas directrices de obrigado cumprimento por parte do adxudicatario.

22.3. Execución do contrato. Aspectos xerais

O contratista executará o contrato de acordo co establecido nos pregos de cláusulas administrativas e pregos de prescricións técnicas, e segundo o proposto na súa oferta.

Dentro dos límites e de acordo cos requisitos e efectos que sinala a lexislación e o presente prego, o órgano de contratación establece as directrices de organización e dirixe o servizo, ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, exerce o *ius variandi* por razóns de interese público e resólveos determinando os efectos da resolución.

Así mesmo, correspóndelle establecer os indicadores e requisitos de calidade que debe cumprir o contratista. Tamén, inspeccionar as tarefas que desenvolven para comprobar se son acordes coas indicacións dadas, pedindo tanta información sexa necesaria, e dar as ordes oportunas para manter e restablecer a debida calidade da prestación.

O contratista será o responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

22.4. Acta de inicio da execución do contrato

O representante do contratista asinará unha acta de inicio da execución do contrato, que acredite o inicio da execución do contrato, determinando con iso a data a partir da cal asume o cumprimento dos dereitos e as obrigas derivados do contrato e a responsabilidade polo funcionamento deste. O responsable do contrato é a Presidencia.

Poderá incluírse calquera outra manifestación que se estime necesario facer constar. No seu caso, como documento anexo á acta figurará un inventario das instalacións e do mobiliario dos que se fai cargo e o seu estado de funcionamento.

23. Recepción da prestación. Liquidación

23.1. Recepción das prestacións mensuais

A presidencia determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, e requirirá, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a corrección dos defectos observados con ocasión da súa recepción.

Para ese efecto, dentro do primeiros cinco días hábiles de cada mes, o contratista presentará no Rexistro xeral da Mancomunidad e dirixida ao responsable do contrato, a documentación relacionada no apartado correspondente deste prego.

O contratista deberá presentar a correspondente factura no Rexistro correspondente a mes vencido, no prazo dos primeiros cinco días hábiles do mes seguinte.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

23.2. Recepción final do contrato. Liquidación do contrato

No prazo dun mes que conta dende a aprobación da recepción formal do último mes de duración do contrato, ditarase unha acta de recepción final das prestacións obxecto do contrato.

Dentro do prazo dun mes, que conta dende a data da devandita acta, ditarase e notificarase ao contratista a liquidación correspondente do contrato, aboándose no seu caso o saldo resultante. De se producir demora no pago do saldo da liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de mora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

24. Cumprimento normativa laboral e de seguridade social e de prevención de riscos laborais

O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, así como a lexislación en materia de Seguridade Social, tributaria e de prevención de riscos laborais.

Dentro do primeiro mes do período de duración do contrato, o contratista presentará ao responsable do contrato unha avaliación inicial de riscos e unha planificación da actividade preventiva. Esta documentación formará parte da documentación xustificativa da execución da prestación prevista na cláusula anterior.

Ao longo da duración do contrato, o contratista executará ao seu cargo todas as medidas de prevención previstas e acreditará o seu cumprimento de acordo coa Lei.

25. Dereitos do contratista. Pago da prestación. Procedemento para facer efectivas as débedas das administracións públicas

25.1. Dereitos do contratista. Pago da prestación

1. O adxudicatario ten dereito ao aboamento do prezo convindo, de acordo co establecido neste prego e en correspondencia cos traballos efectivamente realizados e formalmente recibidos pola administración con periodicidade mensual, conforme o establecido na cláusula 23.1 e 23.2 do presente prego.

A administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acreditan a recepción formal e de presentación das facturas esixidas segundo o establecido nos parágrafos anteriores e sen prexuízo do establecido no artigo 222.4 do TRLCSP. Se a administración se demorase, deberá proceder, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días, ao pago ao contratista xunto e os intereses de mora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Para que teña lugar o inicio do cómputo do prazo para a percepción de intereses, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura xunto coa documentación anterior no Rexistro xeral da Mancomunidad, en tempo e forma no prazo de trinta días dende a data de prestación efectiva do servizo.

Sen prexuízo do prescrito para a liquidación do contrato, a Administración aprobará os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á data de finalización do mes correspondente.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, a percepción de intereses non se iniciará ata que transcorreran trinta días dende a data de



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

presentación da factura no rexistro correspondente, sen que o Mancomunidade teña aprobada a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente pago.

A presentación tanto da documentación que acredita a recepción formal como da factura non producirá efectos se contivesen erros ou omisións ou non se presentase no rexistro correspondente.

2. Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse desta suspensión, nos termos establecidos no TRLCSP.

3. Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia se orixinasen e se a demora da administración fose superior a seis meses.

4. Dereito a transmitir os dereitos de cobro, nos termos do artigo 218 do TRLCSP.

25.2. Procedemento para facer efectivas as débedas das Administracións Públicas.

Logo de transcorrer o prazo sinalado no apartado primeiro desta cláusula, os contratistas poderán reclamar por escrito á Mancomunidade o cumprimento da obrigaçión do pago e, no seu caso, dos intereses de mora. Se logo de transcorrer o prazo dun mes, a Administración non contestase, entenderase recoñecido o vencemento do prazo de pago e o interesado poderá formular un recurso contencioso-administrativo contra a inactividade da Administración, podendo solicitar como medida cautelar o pago inmediato da débeda. O órgano xudicial adoptará a medida cautelar, salvo que a Administración acredite que non concorren as circunstancias que xustifican o pago ou que a contía reclamada non corresponde á esixible, limitándose a medida cautelar a esta última contía, neste caso. A sentenza condenará en custas á Administración demandada no caso de estimación total da pretensión de cobro.

23

26. Facturación electrónica

26.1. A Mancomunidade de Ordes está adherida á plataforma electrónica «FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas» da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, prevista na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público e na Orde Ministerial HAP/1074/2014, de 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas, en cumprimento do disposto no artigo 6 da citada Lei.

26.2. De conformidade co establecido na Disposición adicional trixésimo terceira do TRLCSP introducida polo Real Decreto Lei 4/2013 o contratista terá a obrigaçión de presentar a factura na plataforma FACE. En canto aos prazos e trámites de pago aterase ao disposto no artigo 216 do TRLCSP e na cláusula anterior. Na dita factura deberá incluír, ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os seguintes:

Destinatario: Mancomunidade de Ordes
CIF: P1500003G



**MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA
DE ORDES**

Código DIR3: L05150005

Órgano decisorio/gestor: Mancomunidad de Ordes

Código DIR3: L05150005

Unidad contable: Mancomunidad de Ordes

Código DIR3: L05150005

Unidad tramitadora: Mancomunidad de Ordes

Código DIR3: L05150005

Órgano competente en materia de contabilidad: Intervención

Órgano de contratación: Asamblea da Mancomunidad

Órgano destinatario: Presidencia

Se a persoa física ou xurídica que emite a factura non figura inscrita no Rexistro de terceiros da Mancomunidad, deberá achegar a certificación da entidade financeira na que se recolla o código IBAN da conta na que debe facerse efectivo o pago.

27. Réxime de penalidades do contrato

27.1. Son infraccións na execución do contrato:

A. Son infraccións moi graves as seguintes:

1. A paralización indefinida ou a non prestación do servizo.
2. A interrupción da prestación do servizo de modo reiterado ou sistemático.
3. A desobediencia reiterada ás ordes dadas polo responsable do contrato respecto da ordenación, forma ou réxime de prestación do servizo ou impedimento dos labores de control e fiscalización do responsable do contrato ou da Intervención da Mancomunidad.
4. A falsificación ou ocultación de información que deba facilitarse á Mancomunidad.
5. O incumprimento das disposicións ou resolucións administrativas emanadas das autoridades con competencia en servizos sociais, que produzan un inmediato risco para a saúde ou a integridade física das persoas usuarias do servizo.
6. A non subscripción ou non renovación das pólizas de seguro esixidas polo presente prego.
7. A falta de pagamento de seis ou máis mensualidades de salarios ou cotas sociais dos traballadores adscritos á prestación do servizo durante un período dun ano.
8. A realización de condutas constitutivas de delito no ámbito das prestacións que son obxecto deste contrato por parte da empresa contratista ou os seus administradores. Igualmente, será sancionado o encubrimiento destas condutas realizadas polos seus empregados/as.
9. A subcontratación da prestación que constitúe o obxecto do contrato.

B. Son infraccións de carácter grave as seguintes:

1. O incumprimento dos prazos establecidos no programa de prestación do servizo, cando non supoña falta moi grave.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

2. A interrupción ou suspensión na prestación do servizo ás persoas usuarias, en máis de doce horas consecutivas ou vinte e catro alternas, nun período de cinco días, salvo causa de forza maior que deberá ser apreciada pola administración, e salvo que poida tipificarse como falta grave.
3. A obstrución do control e fiscalización do responsable do contrato e da Intervención Municipal ou cando non sexa cualificada como falta moi grave.
4. O incumprimento das ordes ditadas pola Mancomunidad de Ordes no exercicio da súa potestade de dirección do servizo, sempre que non teña a condición de falta moi grave.
5. A deficiencia ou mal estado do material necesario para os servizos ou a non reposición ou reparación do material inservible ou en mal estado de uso, sempre que non implique falta moi grave.
6. A prestación do servizo con persoal que non teña a titulación necesaria para desempeñar as funcións obxecto do contrato.
7. As ofensas verbais ou físicas ou o trato despectivo grave tanto do contratista como dos seus empregados/as cara ás persoas usuarias do servizo.
8. O incumprimento por parte do contratista da normativa en materia de protección dos datos de carácter persoal.
9. Non gardar o contratista ou os seus empregados/as o sigilo debido respecto dos asuntos que se coñezan en razón do servizo.
10. O incumprimento dos requisitos necesarios para a subcontratación, cando non supoñan falta moi grave.
11. A falta de pagamento de máis de tres mensualidades de salarios ou cotas sociais das persoas traballadoras adscritas á prestación do servizo durante un período dun ano.
12. O incumprimento da normativa en materia laboral ou de seguridade social ou de prevención de riscos laborais.

25

C. Son infraccións de carácter leve as seguintes:

1. O atraso, descoido ou negligencia no cumprimento das súas obrigas contractuais.
2. A lixeira incorrección coas persoas usuarias.
3. O incumprimento da prohibición de encomendar a prestación do servizo ao persoal que teña relación de parentesco co usuario ou usuaria ata o 2º grao de afinidade ou o 3º de consanguinidade.
4. Que os administradores ou empregados da empresa contratista acepten calquera tipo de gratificación, doazón ou contraprestación económica por parte das persoas usuarias.
5. En xeral, queda tipificado como falta leve o incumprimento das cláusulas do presente prego e das prescricións técnicas, sempre que non estea tipificado como falta grave ou moi grave.

27.2. Das penalidades para impoñer polas infraccións cometidas polo concesionario

1. As infraccións leves sancionaranse con apercibimento ou multa de entre 100 e 1000 euros.
2. As infraccións graves sancionaranse con multa de entre 1.000,01 e 5.000 euros.
3. As infraccións moi graves sancionaranse con multa de entre 5.000,01 e 10.000 euros ou a resolución do contrato, no seu caso.

27.3. Proporcionalidade da penalidade

Na determinación da infracción e a correlativa penalidade gardarase a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicable. Consideraranse especialmente os seguintes criterios para a gradación da sanción que se debe aplicar:



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

- a. A gravidade dos prexuízos causados ás persoas usuarias do servizo.
- b. A repercusión no funcionamento do servizo público.
- c. A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- d. A reincidencia, pola comisión de máis dunha infracción do mesmo tipo, cando así se declarase por resolución firme.

27.4. Do procedemento para a imposición de penalidades

A imposición de penalidades tramitárase sempre con audiencia aos interesados.

27.5. Indemnizacións á Mancomunidade

As penalizacións son independentes da obriga do contratista de indemnizar á Mancomunidade polos danos e prexuízos que o incumprimento das súas obrigas lle ocasione á Mancomunidade ou a terceiros con dereito a repetir contra a Mancomunidade, incluídos o pago de salarios, cotizacións sociais e mesmo o custo de despedimentos que a Mancomunidade teña que realizar por cesión ilegal de traballadores ou por calquera outro incumprimento do contratista nas súas obrigas sociolaborais ou tributarias.

27.6. Execución das penalidades impostas

As penalidades e indemnizacións impostas serán inmediatamente executivas e faranse efectivas mediante retención no prezo que mensualmente debe aboarse ao contratista. No caso de que a contía de penalidade sexa superior ao prezo mensual, aplicarase sucesivamente ás seguintes mensualidades ata alcanzar a contía da penalidade.

No caso de imposibilidade de aplicación da retención, faranse efectivas contra a garantía definitiva, segundo o prescrito no artigo 100 a) do TRLCSP. E se esta non alcanzase o montante total da penalidade, como tal ingreso de dereito público, reclamarase pola vía administrativa de prema, nos termos do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, de aprobación do Regulamento xeral de recadación.

27.7. Condicións especiais de execución do contrato

Nos termos do artigo 118.2 TRLCSP, o incumprimento do contrato que supoña unha infracción das tipificadas nas cláusulas 27.1.A.1, 27.1.A.2, 27.1.A.5 e 27.1.A.7 considerarase como incumprimento dunha obriga contractual esencial, para os efectos do previsto no artigo 223 f. do TRLCSP e da cláusula correspondente deste prego.

28. Prazo de garantía

Aínda que dadas as características da prestación obxecto deste contrato, non sería necesario impoñer un prazo de garantía, terase en conta a necesidade de protexer á Mancomunidade do risco de traslado, como responsable subsidiario, das posibles débedas da empresa contratista con traballadores/as, Seguridade Social ou Axencia Tributaria.

Polo tanto, é necesario o mantemento da garantía definitiva durante o prazo que establece o artigo 102.5 do TRLCSP, modificado pola Lei 14/2013.

O prazo de garantía establécese na Epígrafe 13 do Anexo I.

29. Modificacións do contrato



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

De acordo co artigo 219 do TRLCSP este contrato administrativo só poderá ser modificado por razóns de interese público e na forma prevista no título V do Libro I, e de acordo co procedemento previsto no artigo 211.

Neste contrato non están previstas modificacións, sen prexuízo do previsto no artigo 107 do TRLCSP.

Para a interpretación destes supostos aterase, en particular, ao disposto na Resolución de 28 de marzo de 2012, da Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, pola que se publica o Consello da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a interpretación do Réxime contido no artigo 107 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público sobre as modificacións dos contratos (BOE número 86 do 10/04/2012).

En todo caso, nestas modificacións deberá acreditarse que a necesidade da modificación derive de circunstancias que un poder ou entidade adjudicataria dilixente non podería prever; en ningún caso poderá alterarse o carácter global do contrato.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 do TRLCSP. As modificacións publicaranse no Diario Oficial da Unión Europea.

O número de horas de prestación do servizo de axuda no fogar pode incrementarse durante a vixencia do presente contrato como consecuencia da asignación, por parte do Departamento competente da Administración autonómica, deste recurso/servizo integrado na carteira de servizos do SAAD a un número superior de persoas usuarias (PIAS aprobados pola Administración autonómica), ou ben diminuír por non cumprirse as previsións.

27

Deste xeito, a contía total do orzamento previsto para o presente contrato non pode prever con exactitude o número total de horas de prestación do servizo, por estaren subordinadas ás necesidades da Administración (en realidade, ao número de PIAS mensuais que aprobe o Departamento competente da administración autonómica nos que se asigne o servizo de axuda no fogar como servizo prioritario), polo que o mesmo se ten determinado en atención ás necesidades existentes no momento da licitación.

En consecuencia, no suposto de que as necesidades reais, en atención ao sinalado no parágrafo anterior, fosen superiores ás estimadas inicialmente, tramitarase, ao abeiro do previsto na Disposición Adicional 34 do TRLCSP, a correspondente modificación para incrementar o orzamento máximo inicialmente aprobado.

A modificación tramitarase antes de que se esgote o orzamento máximo para cada exercicio orzamentario e sempre que exista crédito dispoñible para cubrir o importe das novas necesidades. O importe da modificación poderá acadar, como máximo, o 40% do orzamento de licitación; porcentaxe esta fixada tendo en conta a estatística anual de PIAS aprobados pola administración autonómica con asignación prioritaria do servizo de axuda no fogar.

30. Potestades xerais da administración contratante



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

30.1. A Mancomunidad terá como potestades de carácter xeral a de marcar as directrices de organización e xestión do servizo e ordenar as modificacións na prestación que o interese público aconselle, sen prexuízo do cumprimento do réxime de modificación do contrato, así como establecer os indicadores e requisitos de calidade que debe cumprir a empresa contratista.

30.2. A Mancomunidad de Ordes mediante o responsable do contrato realizará un seguimento permanente da execución deste co obxecto de garantir o escrupuloso cumprimento do contrato e a prestación dun servizo de calidade.

30.3. Mediar nas situacións de conflito que puidesen xurdir entre o contratista e persoas usuarias.

31. Obrigas da Administración

31.1 A Mancomunidad ten a obriga de comunicar coa suficiente antelación os cambios e alteracións que se produzan na prestación do servizo, sen prexuízo do cumprimento do réxime de modificación do contrato.

31.2. Comunicar á empresa por separado os casos que proceden de aplicación da Lei de promoción da autonomía e atención á dependencia e os que acceden ao servizo por libre concorrència para os efectos da diferente facturación de horas.

32. Condicións xerais das prestacións obxecto do contrato

32.10 contratista obrígase á contratación do persoal que, no seu momento, foi cedido á empresa contratista e ven prestando o servizo na actualidade, o cal detállase no anexo correspondente. A empresa adxudicataria deberá respectar todos os dereitos actuais dos citados traballadores/as.

32.2 O contratista realizará todas as prestacións incluídas no obxecto do contrato co persoal previsto no prego de prescricións técnicas e, no seu caso, na súa oferta, sen prexuízo, do cumprimento do réxime de dereitos e obrigas aplicables ás relacións laborais.

32.3 En ningún caso poderá o contratista organizar as prestacións obxecto do contrato de maneira susceptible de constituír unha unidade económica con identidade propia diferenciada do resto da actividade da empresa.

33. Condicións específicas das prestacións obxecto do contrato

33.1. O contratista deberá estar acreditado conforme ao que dispón a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como á lexislación galega en vigor na materia.

33.2. Contar no persoal do servizo cunha persoa coordinadora única (titulada en traballo social) do servizo que será a interlocutora válida fronte á Administración e que deberá estar permanentemente localizada. As posibles substitucións deberán ser comunicadas.

33.3. Deberá dispoñer de conexión permanente coa Mancomunidad de Ordes mediante internet, correo electrónico, fax e teléfono e da infraestrutura informática precisa para a implantación das bases de datos e de documentos para a correcta xestión do servizo.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

33.4. O contratista deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil, cun importe mínimo de 600.000 euros, que garanta as responsabilidades civís que se poidan derivar dos danos patrimoniais ou persoais que se causen como consecuencia da execución do servizo, tanto a persoas beneficiarias ou traballadoras do servizo como a terceiras.

Así mesmo, o contratista deberá subscribir un seguro de accidentes que comprenderá tanto ao persoal como ás persoas usuarias durante a totalidade da duración do contrato por un importe de 250.000 euros.

Estará, así mesmo, obrigado á renovación de ambas as pólizas ata a finalización do contrato.

Con anterioridade á data de inicio da execución do contrato, o contratista presentará ante o responsable do contrato unha copia das condicións xerais e particulares que regularán o seguro ao que este apartado se refire e o recibo do pago da póliza. A dita documentación deberá ser presentada de novo con ocasión de cada renovación da póliza ata a total extinción do contrato.

Sen prexuízo do anterior, o contratista terá responsabilidade pola execución do contrato nos termos do artigo 214 TRLCSP e a cláusula correspondente deste prego.

33.6. A empresa contratista será responsable da perda ou deterioración dos bens afectos ao servizo. Así mesmo, será tamén responsable da deterioración e perda dos bens afectos ao servizo causados polas empresas subcontratistas, sen prexuízo da correspondente acción de repetición.

33.7. A subcontratación neste contrato só poderá recaer nas prestacións complementarias. En ningún caso poderá o contratista subcontratar a prestación que constitúe o obxecto do contrato.

33.8. A empresa contratista do servizo terá a obrigación de presentar toda a información que lle requira a Mancomunidade, así como os órganos competentes en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

33.9. O contratista deberá adquirir pola súa conta o material non inventariable ou funxible que precise para a execución do contrato.

33.10. O contratista deberá obter autorización previa e por escrito do responsable do contrato para a adquisición de material inventariable.

33.11. A Mancomunidade terá o dereito de uso por tempo indefinido e con ámbito mundial de todos os estudos, documentos, traballos ou prestacións realizadas con motivo do contrato, podendo dispoñer en consecuencia deles para calquera fin ou actividade de interese municipal que estime oportuno.

33.12. O persoal dependerá exclusivamente do contratista, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto deste, sendo a Administración contratante allea ás anteriores relacións laborais. A este respecto, o contratista deberá cumprir especialmente as obrigas establecidas con relación ao seu persoal establecidas neste prego.

33.13. O contratista facilitará, no seu caso, ao seu persoal os medios de identificación que determine a área de Servizos Sociais da Mancomunidade. A identificación documental deberá incluír os datos do/a



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

empregado/a, unha fotografía tamaño carné e o escudo da Mancomunidad de Ordes e deberá estar visada polo departamento de servizos sociais. Esta documentación deberá ser exhibida a primeira vez que se preste o servizo nun domicilio e sempre que a persoa usuaria así o requira.

33.14.0 contratista está obrigado a empregar en todos os útiles de traballo (uniformes, identificación...) o escudo da Mancomunidad no tamaño e na forma que se estipule. Ademais, non utilizará o nome e a imaxe interna ou externa das instalacións e do servizo por motivos publicitarios ou por calquera outro interese do contratista, sen que conte coa autorización previa e de forma expresa da Mancomunidad de Ordes.

33.15. Ao termo da execución do contrato, o contratista estará obrigado a proporcionar a información relativa ás condicións dos contratos do seu persoal que lle sexa requirida pola Mancomunidad.

33.16. Nin o contratista nin o seu persoal poderá, en ningún caso, proceder ao cobro de servizos nin aínda con autorización da propia persoa usuaria. Tampouco poderán recibir ningún tipo de gratificación ou doazón por parte dos usuarios. A empresa será directamente responsable do cumprimento desta prohibición, estando obrigada a informar o responsable do contrato de calquera feito desta natureza que produza.

34. Obrigas específicas do contratista en relación cos pagos aos subcontratistas ou subministradores

A Mancomunidad poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que o contratista debe facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen no contrato.

30

O contratista deberá entregar á Mancomunidad a relación detallada de subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, achegará á solicitude da Administración un xustificante do cumprimento dos pagos a aqueles, unha vez terminada a prestación, dentro dos prazos que establece o art. 228 do TRLCSP e a Lei 3/2004, de 29 de decembro. Estas obrigas están consideradas condicións especiais de execución, ás que se refire o art. 118 do TRLCSP, e polo tanto, o seu incumprimento poderá dar lugar á imposición de penalidades segundo o establecido na cláusula 27 do presente prego, segundo os artigos 118.2 e 212.1 do TRLCSP.

35. Obrigas especiais de información e documentación do contratista. Fiscalización da execución do contrato

35.1 Obrigas especiais de información á administración

A. Mensualmente, xunto coas facturas para os efectos de pago, o contratista presentará unha memoria de seguimento, onde constará a seguinte información:

1. Listaxe de persoas usuarias con nomes e apelidos atendidas no período de facturación.
2. Horas asignadas a cada persoa usuaria e horas efectivas prestadas.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

3. Diferenciación entre as horas ordinarias previstas, ordinarias imprevistas e/ou realizadas en festivos.
4. Número de rotacións do persoal auxiliar no período facturado por cada persoa usuaria.
5. Importe mensual do servizo por persoa usuaria e total da listaxe.
6. Listaxe de persoas usuarias por libre concorrencia e usuarias do sistema de atención á dependencia, cada unha delas coa súa factura.
7. Informe sobre as prestacións que foron integradas como mellora na oferta realizadas en cada período.
8. Informe completo sobre as incidencias e reclamacións presentadas.
9. Deberán presentarse ademais os boletíns mensuais de cotización á seguridade social do persoal que presta o servizo nese período; copia dos TC1 e TC2 e copia da xustificación do pago.

B. Antes do 15 de xaneiro de cada ano, deberán presentar ante a Mancomunidad de Ordes unha memoria da xestión do ano anterior, que terá necesariamente o seguinte contido:

1. Metodoloxía empregada
2. Número de incidencias e breve resumo destas
3. Avaliación dos recursos humanos empregados
4. Avaliación do grao de satisfacción das persoas usuarias (con respecto ao funcionamento e á organización) a través dunha enquisa anual de percepción da calidade do servizo. O contido da enquisa será supervisado polo persoal técnico de servizos sociais da Mancomunidad. O custo da enquisa será a cargo da empresa contratista
 1. Dificultades na prestación do contrato e propostas de mellora
 2. Memoria económica do exercicio anterior
 3. Calquera outro extremo que se requira por parte da Mancomunidad de Ordes.

31

C. Polo menos unha vez ao mes o/a coordinador/a da empresa contratista deberá reunirse co responsable do servizo co fin de realizar o seguimento dos casos atendidos, sen prexuízo da convocatoria de reunións extraordinarias cando o responsable municipal así o considere oportuno.

D. A empresa presentará ante a Mancomunidad de Ordes, cunha periodicidade anual, un programa de avaliación da calidade do servizo.

E. Deberá informar á Mancomunidad de forma inmediata en caso de inspección da Xunta de Galicia. Finalizada esta, deberá presentar unha copia da acta de inspección no departamento de servizos sociais da Mancomunidad.

F. Deberá dar traslado á Mancomunidad de Ordes, polos medios telemáticos establecidos, as queixas, suxestións e en xeral toda incidencia nun prazo máximo de 24 horas contados a partir do día seguinte ao da súa recepción. Se a incidencia fose de carácter grave darase coñecemento inmediato dela.

G. O contratista deberá comunicar ao departamento de servizos sociais de forma inmediata e coa máxima dilixencia calquera circunstancia que poida ser indicio dunha situación de risco social, de situacións de violencia doméstica ou abandono de menores, anciáns ou persoas discapacitadas.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

H. A empresa terá que comunicar ao responsable do servizo a suspensión da prestación do servizo por ausencia no domicilio da persoa beneficiaria. Esta incidencia terá que ser comunicada no momento en que non se presta o devandito servizo, salvo en fin de semana ou festivo será comunicada o primeiro día hábil seguinte. A non prestación das devanditas horas supoñerá a exclusión do devandito período dentro das horas facturadas.

Sen prexuízo do preceptuado nos apartados anteriores, a Mancomunidade poderá requirir ao contratista calquera outra información que sexa precisa para ter un coñecemento actualizado da execución do contrato.

35.2 Fiscalización da execución do contrato

A Mancomunidade de Ordes mediante o responsable do contrato realizará un seguimento deste, podendo solicitar á empresa concesionaria cantos documentos e informes estime oportunos para o adecuado control do cumprimento do contrato. Concretamente será obxecto de fiscalización todo o referente a:

1. A documentación referida á organización: O contratista será responsable de manter completa e actualizada a documentación tanto no referido ás esixencias xerais do servizo (disposición ao público dos regulamentos de réxime interno, do permiso de inicio da actividade, rexistro de altas e baixas, da distribución horaria que garanta o cumprimento das cocientes de atención, aviso da existencia de libro de reclamacións, xustificación documental do pago da póliza de seguros e de responsabilidade civil...), como dos expedientes individuais das persoas usuarias (no referido á parte administrativa, rexistros diarios, información sanitaria...). En xeral será responsabilidade da empresa xustificar documentalmente o cumprimento do esixido na xestión do servizo polos controis tanto da Mancomunidade como da administración autonómica.
2. A documentación necesaria para os efectos de solicitude de subvención a outras administracións.
3. O cumprimento da obriga da difusión da titularidade do servizo, así como o escudo da Mancomunidade, en toda actividade ou servizo que realice o contratista. O cumprimento da obriga de permitir e facilitar a inspección do servizo polo persoal da Mancomunidade.

32

36. Réxime do tratamento dos datos de carácter persoal

36.1 Toda a información facilitada pola administración ou a obtida polo contratista en relación co presente contrato terá carácter confidencial, debendo gardar o debido segredo profesional con carácter indefinido, salvo que a administración llo autorice expresamente. O contratista ten a condición de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal, de acordo co artigo 12.4 da Lei Orgánica 15/1999, de protección dos datos de carácter persoal. Para estes efectos o contratista comprométese expresamente a formar e informar o seu persoal dos deberes que dimanan dos establecidos nestas normas.

36.2 O contratista, en calidade de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal, queda obrigado ao tratamento unicamente para a prestación dos servizos deste contrato, e seguindo as instrucións e directrices da Mancomunidade de Ordes na súa condición de responsable do tratamento.



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

36.3 O responsable e quen interveña nalgũa fase do tratamento dos datos terán a obriga do segredo profesional respecto deles e o deber de gardalos, obrigas que subsistirán despois da finalización do contrato co titular do ficheiro ou coa persoa responsable del.

36.4 Os datos de carácter persoal así como calquera soporte ou documento no que conste algún dato persoal obxecto deberán ser destruídos polo contratista no momento de finalización do contrato.

36.5 A subcontratación, de ser esta posible por tratarse de prestacións complementarias, non implicará en ningún caso a cesión de datos de carácter persoal.

36.6 Autorízase expresamente ao contratista:

1. Ao tratamento dos datos de carácter persoal fóra dos locais do contratante, así como de forma remota, mediante dispositivos portátiles.
2. Á execución dos procedementos de recuperación de datos que precise o contratista.
3. Á saída de soportes e documentos que conteñan datos de carácter persoal incluídos os comprendidos e/ou anexos a un correo electrónico fóra dos locais do contratante.
4. A utilizar o correo electrónico para as comunicacións e entrega da documentación xerada con ocasión do presente contrato.

37. Regras especiais aplicables ao persoal da empresa contratista

37.1 O persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto deste, sendo a Administración contratante totalmente allea ás devanditas relacións laborais.

A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo sobre o persoal integrante do equipo de traballo, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular, asumirá a negociación e o pago dos salarios, a concesión de permisos, licencias e vacacións, as substitucións do persoal nos casos de baixa ou ausencia, as obrigas legais en materia de Seguridade Social, entre outras, o pago de cotizacións e outras prestacións, cando procedan, as obrigas legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigas deriven da relación contractual entre empregado e empregador. Así mesmo, deberá achegar, antes do inicio da prestación do servizo, un certificado negativo do Rexistro central de delinquentes sexuais de todo o persoal que destine á execución deste contrato e atenda a menores.

A subrogación do persoal realizarase nos termos previstos na normativa laboral de aplicación. A regulamentación do persoal subrogado efectuarase tendo en conta os convenios colectivos vixentes do persoal afectado. Para estes efectos achégase o listado do persoal que ven prestando so servizos nos Concellos de Frades e Ordes.

O persoal da empresa adxudicataria en ningún caso poderá considerarse con relación laboral contractual, funcional ou de natureza análoga respecto da Mancomunidade ou concello integrante da Mancomunidade, debendo a dita empresa ter debidamente informado ao persoal do devandito extremo.

37.2 Corresponde exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que, reunindo os requisitos de titulación e experiencia esixidos nos pregos, formará parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato, sen prexuízo da verificación pola Mancomunidade do cumprimento daqueles



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

requisitos. A empresa contratista procurará que exista estabilidade no equipo de traballo e que as variacións na súa composición sexan puntuais e obedezan a razóns xustificadas, co fin de non alterar o bo funcionamento do servizo, informando en todo momento á entidade contratante.

Así mesmo, está obrigada a adoptar as medidas precisas, en especial aquelas de contratación laboral, que tendan a favorecer a permanencia das persoas traballadoras na empresa, con obxecto de garantir a continuidade e evitar a súa rotación. A Mancomunidad de Ordes non terá ningunha intervención na selección de persoal da empresa contratista.

37.3 A empresa contratista velará especialmente porque as persoas traballadoras adscritas á execución do contrato desempeñen a súa actividade sen extralimitarse nas funcións desempeñadas respecto da actividade delimitada nos pregos como obxecto do contrato.

37.4 A empresa contratista deberá designar polo menos unha persoa coordinadora técnica integrada no cadro de persoal, que terá, entre as súas obrigas, as seguintes:

1. Actuar como interlocutora da empresa contratista fronte á Mancomunidad, canalizando a comunicación entre a empresa contratista e o persoal integrante do equipo de traballo adscrito ao contrato en todo o relativo ás cuestións derivadas da execución do contrato.
2. Distribuír o traballo entre o persoal encargado da execución do contrato, e impartir aos/ás devanditos/as traballadores/as as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coas prestacións do servizo contratado.
3. Supervisar o correcto desenvolvemento por parte do persoal integrante do equipo de traballo, das funcións que teñan encomendadas, así como controlar a asistencia do devandito persoal ao posto de traballo.
4. Organizar o réxime de vacacións do persoal adscrito á execución do contrato, debendo para ese efecto coordinarse adecuadamente coa Mancomunidad, co fin de non alterar o bo funcionamento do servizo.
5. Informar á Mancomunidad sobre as variacións, ocasionais ou permanentes, na composición do equipo de traballo adscrito á execución do contrato.

37.5 A empresa adxudicataria debe cumprir o disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún xeito á Mancomunidad de Ordes.

A Mancomunidad queda exonerada de calquera responsabilidade polos incumprimentos do contratista en materia laboral, de seguridade social e de seguridade no traballo, repercutindo ao adxudicatario calquera sanción que as Administracións competentes puidesen impoñer á Mancomunidad subsidiariamente como consecuencia de incumprimentos na materia de persoal afecto a este servizo, sen prexuízo da penalización que ademais poida impoñerse.

O incumprimento por parte do contratista do contido dos puntos anteriores poderá dar lugar á resolución deste contrato con incautación da fianza, sen prexuízo do resarcimento dos danos que se ocasionaron.

A Mancomunidad recoñece o dereito á negociación colectiva das persoas traballadoras do servizo obxecto deste contrato, aínda que en ningún caso participará directamente na devandita negociación nin na execución dos acordos que ambas as partes alcancen. Sen prexuízo da execución dos acordos que as persoas traballadoras e o empresario alcancen en sucesivas negociacións, en ningún caso poderá repercutir o adxudicatario á Mancomunidad ningún incremento de custos derivados desta negociación colectiva, xa sexan incrementos retributivos ou outras vantaxes sociolaborais con repercusión económica. Os acordos entre empresario e persoal non poderán en ningún caso ser alegados fronte á



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

Mancomunidad, considerándose para estos efectos que os desequilibrios económicos derivados da negociación colectiva se deben exclusivamente á boa ou mala dilixencia xestora do negocio por parte do empresario.

De conformidade co establecido no art. 301.4 do TRLCSP, ao termo do contrato non poderá producirse, en ningún caso, a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal na Mancomunidad, nin producirá traspaso do persoal ou subrogación nos seus contratos polo feito de asumir a Mancomunidad directamente a prestación do servizo.

37.6 No suposto de folga laboral que afecte ao servizo obxecto de contratación, o adxudicatario estará obrigado a requirimento do Presidente e no prazo e forma que este indique, a ofrecer as solucións que garantan os servizos mínimos imprescindibles que determine a administración competente. Se o adxudicatario non ofrecese as ditas solucións ou non as levase á práctica, a Mancomunidad poderá promover os contratos que estime precisos para cubrir os servizos mínimos aprobados, que serán por conta do adxudicatario, deducíndose polo tanto da súa facturación o importe dos referidos contratos. A responsabilidade que se derive de tales traballos contratados a terceiros será, con todo, do adxudicatario. Unha vez finalizada a mencionada folga, a entidade adxudicataria deberá presentar un informe no que se indiquen os servizos mínimos prestados e o número de horas ou servizos que, no seu caso, se deixaron de prestar. O devandito informe, así como a súa valoración económica, deberán presentarse ao Presidente no prazo máximo de 7 días tras a finalización da folga.

38. Réxime de responsabilidade polo funcionamento do servizo

38.1 Indemnización de danos e prexuízos

Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos causados a terceiros ou á propia Mancomunidad polo funcionamento do servizo, agás que os danos e prexuízos fosen ocasionados por orde directa da Administración.

Particularmente, serán indemnizables os danos e prexuízos causados á Administración derivados da imposición de sancións administrativas en calquera área do dereito relacionadas coa execución do contrato.

Para ese efecto, os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte ao de produción do feito, ao órgano de contratación para que este, logo de escoitar o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción.

38.2 Procedemento de determinación de a quen lle corresponde facer fronte á responsabilidade

No caso de que os/as prexudicados/as, ao amparo do art. 106.2 da Constitución e o 139 da LRJPAC, reclamen directamente á Mancomunidad a responsabilidade patrimonial polas lesións causadas polo funcionamento do servizo, este poderá decidir, en primeiro lugar, se concorren os supostos de responsabilidade. No caso de que estime que concorren estes supostos, determinará se corresponde a responsabilidade ao contratista, de acordo co artigo 214 do TRLCSP, ou ben lle corresponde á propia Administración, artigo 214.2 TRLCSP e apartado anterior.

Neste procedemento, tanto o contratista como o/a usuario/a actor terán a condición de interesado/a. Sen prexuízo diso, a Mancomunidad poderá resolver sobre o procedemento de responsabilidade patrimonial, como titular do servizo e posteriormente acudir en repetición contra o contratista, se se entendese que concorren os requisitos do artigo 214.1 TRLCSP.



39. Causas de resolución

Serán causas de resolución do contrato as previstas nos art. 223 e 308 do TRLCSP e as previstas nas cláusulas 9.F.2 e 27.7 do presente prego.

V. Prerrogativas da Administración, xurisdición e recursos

40. Prerrogativas da Administración

Compete ao órgano de contratación as prerrogativas de interpretar o convindo, modificar as prestacións para a conveniencia do servizo e suspender a súa execución por causa de utilidade pública, indemnizando, de ser o caso, os posibles danos e prexuízos ocasionados, nos termos establecidos na lexislación contractual de contratos do sector público.

41. Supostos especiais de nulidade

41.1 Actos susceptibles de cuestión especial de nulidade

O contrato, cun valor estimado superior aos 209.000 euros e incluído dentro da categoría 25 do anexo II do TRLCSP, poderá ser declarado nulo nos supostos relacionados no artigo 37.1 do TRLCSP, coas excepcións sinaladas nos apartados segundo e terceiro do citado precepto.

41.2 Consecuencias xurídicas da declaración de nulidade nos supostos citados anteriormente

A declaración de nulidade dos actos preparatorios do contrato ou da adxudicación, cando sexa firme, levará consigo a do mesmo contrato, que entrará en fase de liquidación, debendo restituírse as partes reciprocamente as cousas que se recibiron, en virtude del, e, se isto non fose posible, o seu valor. A parte que resulte culpable deberá indemnizar á contraria dos danos e prexuízos que sufrira.

41.3 Interposición da cuestión de nulidade

A cuestión de nulidade presentarse ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, órgano competente para o seu coñecemento, en caso das entidades locais galegas, ao amparo da cláusula terceira, parágrafo primeiro do Convenio de colaboración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e da Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencias de recursos contractuais (BOE de 25 de novembro de 2013)

41.4 Persoas lexitimadas

Está lexitimada para interpoñer cuestión especial de nulidade toda persoa física ou xurídica á que os seus dereitos ou intereses lexitimos se viran prexudicados ou poidan quedar afectados polos supostos de nulidade do artigo 37 TRLCSP. Con todo, o órgano competente poderá non admitila cando o/a interesado/a interpuxera un recurso especial en materia de contratación sobre o mesmo acto, respectando o órgano de contratación a suspensión do acto impugnado e a resolución ditada.

41.5 Prazo



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

O prazo para a interposición da cuestión será de seis meses a contar dende a formalización do contrato, excepto nos supostos do artigo 39.3 do TRLCSP, nese caso o prazo será de trinta días hábiles.

41.6 Procedemento

O procedemento será o previsto para a tramitación do recurso especial en materia de contratación que se establece no artigo 44 do TRLCSP e seguintes, coas excepcións sinaladas no artigo 39.5 do TRLCSP.

42. Recurso especial en materia de contratación.

42.1. Actos relacionados co contrato susceptibles de recurso especial en materia de contratación. Por ser un contrato cun valor estimado superior a 209.000 euros e comprendido na categoría 25 do Anexo II do TRLCSP, de acordo co artigo 40.1 b TRLCSP, son susceptibles de recurso especial en materia de contratación, de carácter potestativo, os seguintes actos relacionados co mesmo:

I. Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que deban rexer a contratación.

II. Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que incidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión, ou prexuízo irreparable aos dereitos ou intereses lexítimos. Considéranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento aqueles ditados pola Mesa de Contratación polos que se acorda a exclusión dos licitadores.

III. O acto administrativo da adxudicación.

37

Con todo non serán susceptibles de recurso especial, aqueles ditados en relación coas modificacións contractuais non previstas no prego, que de conformidade co disposto nos arts. 105 a 107, sexa preciso realizar unha vez adxudicados os contratos, tanto se acordan coma se non, a resolución e celebración dunha nova licitación.

42.2. Interposición do recurso especial en materia de contratación.

O recurso especial en materia de contratación exporase ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, órgano competente para o seu coñecemento, en caso das entidades locais galegas, ao amparo da Cláusula terceira, parágrafo primeiro do Convenio de colaboración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e da Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencias de recursos (BOE de 25 de novembro de 2013)

42.3. Persoas lexitimadas.

Están lexitimadas para interpoñer recurso especial en materia de contratación toda persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán prexudicados ou poidan quedar afectados polas decisións obxecto de recurso.

42.4. Prazo.

Quen se propoña interpoñer recurso especial en materia de contratación deberá anunciálo previamente por escrito ante o órgano de contratación, especificando o acto do procedemento que se pretende recorrer, no prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte a aquel no



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES

que se reciba a notificación do acto impugnado, salvo nos supostos relacionados no segundo parágrafo do artigo 44.2 do TRLCSP.

42.5. Procedemento.

O procedemento para a resolución do recurso especial en materia de contratación establécese no artigo 44 e seguintes do TRLCSP.

43. Réxime xurídico

O presente contrato de servizos ten carácter administrativo e está suxeito a regulación harmonizada. A licitación rexerese polo establecido neste prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) así como no prego de prescricións técnicas (PPT); polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) así como pola Directiva 2014/24, de 26 de febreiro de 2014, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á contratación pública, no que teña efecto directo; polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba a lexislación xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RGLCAP), no que non estea derogado pola lei; polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP, no que resulte de aplicación subsidiariamente; e polos preceptos da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado

Rexerese tamén pola Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de dependencia; polo Decreto 15/2010, do 04 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a Organización e Funcionamento dos Órganos Técnicos Competentes; pola Orde do 02/01/2012, de desenvolvemento do citado Decreto; polo Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento; polo Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a Carteira de Servizos Sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determínase o sistema de participación de acódelas usuarias no financiamento do seu custo; e demais normativa que os modifique ou substitúa.

Así mesmo, é de aplicación a ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar da Mancomunidad de Ordes (publicada no BOP núm. 113, de 16/06/2014)

Finalmente, estarase, tamén, ao contido da oferta que resulte adxudicataria do contrato. Neste sentido, terán carácter contractual, ademais deste prego, o de prescricións técnicas, as ofertas técnicas e económicas presentadas polos licitadores. En caso de discrepancia entre os distintos documentos contractuais non salvable por unha interpretación sistemática dos mesmos, prevalecerá o establecido neste PCAP, salvo que se deduza que se trata dun evidente erro de feito ou aritmético.